



# PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE PÁRROCO DON CAMILO

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

## Índice do Plan Dixital

<b>1. <u>Introdución</u></b> .....	<b>3</b>
1.1. Datos básicos do centro .....	3
1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro .....	4
1.3. Breve xustificación do mesmo .....	5
1.4. Proceso de elaboración .....	6
<b>2. <u>Situación de partida</u></b> .....	<b>6</b>
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais .....	6
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO .....	8
2.3. Análise DAFO .....	11
<b>3. <u>Plan de Acción</u></b> .....	<b>13</b>
3.1. Obxectivos, indicadores e accións .....	13
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas .....	14
<b>4. <u>Avaliación do PD</u></b> .....	<b>24</b>
<b>5. <u>Difusión do PD</u></b> .....	<b>27</b>

## 1. Introducción:

### 1.1. Datos básicos do centro:

O CEIP Plurilingüe Párroco Don Camilo (código 36010204) é un centro público dependente da Consellería De Cultura, Educación e Universidade, emprazado á altura do número 104 da estrada Matamá-Pazo, na parroquia de Santo André de Comesaña, sito no concello de Vigo (provincia de Pontevedra).

Os datos de contacto son:

- Dirección postal:

**CEIP PLURILINGÜE PÁRROCO DON CAMILO**

*Estrada Matamá-Pazo n.º 104*

*CP 36213*

*Vigo - Pontevedra*

- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipparrocodoncamilo/>
- Correo electrónico: [ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.gal](mailto:ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.gal)
- Teléfono: 886 120 222

Santo André de Comesaña é unha das parroquias que configuran o termo municipal de Vigo. Está situada na ala dos montes da mesma, á zona Oeste da cidade e fronte á ría do mesmo nome.

Ten unha extensión aproximada de 200 Ha. e como todas as parroquias da periferia viguesa, presenta estruturas rurais combinadas e influenciadas pola gran urbe da que forma parte. A construción típica é a vivenda unifamiliar, maiormente de pedra, sen edificacións altas, en núcleos illados no barrio do Tombo, Sanín, Casás, Rial, etc. Hai unha zona de edificacións novas nos terreos que lindan coa parroquia veciña de Navia.

O centro cumpre todo o marcado no *“Real Decreto 132/2010 polo que se establecen os requisitos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria”*.

É un centro dunha liña con 9 unidades:

- 3 de educación infantil: 1 aula de 4º de infantil, 1 aula de 5º de infantil e 1 aula de 6º de infantil.
- 6 de educación primaria: un aula para cada un dos niveis de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º.

Polo tanto, conta con 9 mestras titoras e un apoio á educación infantil e tamén mestras especialistas de educación física, inglés, música, orientación, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e relixión. Ademais, nos últimos cursos ven contando con mestres/as vinculados aos programas ARCO e PROA+ (recupera-T).

O número de alumnado total do centro no presente curso escolar 2021-2022 é de 150 alumnos e alumnas de entre 3 e 12 anos, algúns/algunhas dos/das cales presentan necesidades específicas de apoio educativo (en diante ANEAE).

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo:

O centro ubícase no barrio do Tombo, na franxa que está entre a Estrada de Matamá-Pazo e a Estrada de Camposancos, nunha zona natural na que se desenvolve un proxecto de urbanización que cambiou tanto o espazo físico como o carácter do lugar, xa que de ser unha zona semi-rural, pasou a verse totalmente integrada na cidade (en terreos da nosa parroquia e da parroquia veciña construíronse 4.000 vivendas aproximadamente e segue en expansión).

Deste desenvolvemento urbanístico na parroquia veciña (P.A.U. de Navia) estase a beneficiar directamente o centro, xa que nos últimos anos obsérvase un aumento considerable da matrícula provinte desa zona.

A maioría dos alumnos do noso centro pertencen a familias de clase media que teñen un bo concepto do colexio e colaboran abertamente co mesmo, tanto no que atinxe directamente á educación dos seus fillos, coma no desenvolvemento de actividades complementarias organizadas polo centro.

O presente Plan Dixital incardínase dentro da liña marcada no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual, contribuíndo ao desenvolvemento dos diversos plans e proxectos do centro:

- Plans anuais de lectura, incluído o proxecto lector do centro.
- Plan de Dinamización da Lingua Galega.
- Plan de Atención á Diversidade.
- Plan de Convivencia.
- Programas de innovación educativa: PLAMBE, contratos-programa Innova, Iguale-t, Inclúe-t, Recupera-t
- PDI e outros proxectos de centro vencellados ás actividades complementarias relacionadas coas conmemoracións escolares: Samaín, Magosto, Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración dos Dereitos humanos, Día da Discapacidade, Nadal, día da Paz, Día de Rosalía, Entroido, Día da Árbore, Día do

Síndrome de down, Día da Poesía, Semana da Prensa, Día da Muller Traballadora, Día do Libro, Semana das Letras Galegas, Día das Artes galegas, Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais, está previsto volver a participar no vindeiro curso no proxecto de biblioteca PLAMBE, coordinándoo co Proxecto de Dinamización da Lingua Galega e distintos contratos-programa, o cal supón un importante fío aglutinador de todos os proxectos que se levan a cabo no centro.

Por último, o Plan Dixital potenciará directamente o Plan de Dinamización das TIC, de xeito que supoña un importante impulso para a implementación necesaria e definitiva das novas tecnoloxías na vida cotiá de toda a comunidade escolar.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo:

O plan dixital enmárcase dentro do actual marco normativo e legislativo vixente. Seguindo un orde de maior a menor rango, estaría rexido polas seguintes leis:

- A "*Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*" e a "*Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*" especifican que se debe promover o uso das TIC como medio didáctico tratando de contribuír a minimizar "*os efectos da fenda dixital por xénero ou outros aspectos socioculturais*" (art. 111 bis).

Tamén incide en fomentar a confianza e a seguridade no uso das tecnoloxías, prestando especial atención ás situacións de violencia na rede e observando o respecto á normativa reguladora da información dixital e aos dereitos de propiedade intelectual, ademais de concienciar sobre o respecto dos dereitos de terceiros.

O acceso ás novas tecnoloxías basearase nos principios de non discriminación, impulsando un compromiso educativo entre familias e centro e, neste contexto, deben atender á diversidade, propoñendo modelos de programación e materiais accesibles (art. 121).

Para estes fins, a dirección do centro dirixirá, promoverá e coordinará a innovación educativa (art 132).

- Neste marco legislativo nacional, a Comunidade Autónoma de Galicia publicou a "*Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021-2022*". Nesta normativa

autonómica se regula a elaboración por parte dos centros docentes do Plan Dixital durante o curso 2021/22 (Disposición adicional quinta).

- Por último, a *"Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022"*, establece que a coordinación do plan dixital será realizada polo **Equipo de Dinamización do Plan Dixital**, formado pola persoa directora do centro e outra persoa do claustro.

## 1.4. Proceso de elaboración:

Seguindo as instrucións da *"Resolución do 3 de setembro de 2021"*, o proceso de elaboración do Plan Dixital seguiu as seguintes fases:

- Fase de **análise** da situación do centro a través de 2 instrumentos:
  - Informe SELFIE: Con aportacións de equipo directivo, alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria e todo o profesorado do centro.
  - Test de Competencia Dixital Docente (CDD): Realizado por todo o profesorado do centro.
- Fase de **diagnose** de situación do centro:
  - Informe sobre Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades (en adiante DAFO): Elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital.
- Fase de **elaboración** do Plan Dixital:
  - Deseño do plan de acción: Realizado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital.
  - Elaboración do Plan dixital propiamente dito: Realizada polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

## 2. Situación de partida:

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais:

O centro conta con **infraestrutura dixital** de datos cableada e sen fíos, ademais de infraestrutura de telefonía (con cinco liñas de teléfono).

Na actualidade o **equipamento** dispoñible consiste en:

- Varias aulas dixitalizadas con conectividade e Pizarras Dixitais Interactivas (PDI) (ver *Táboa 1* onde especifica o equipamento de cada aula)
- 3 postos de traballo de xestión e administración do centro.
- 5 ordenadores na biblioteca (3 de consulta e 2 para xestión de catálogo de libros)
- 2 ordenadores para uso na sala de mestras/es.
- 10 kits informáticos para paliar a fenda dixital.

AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	TABLET	PDI	PROXECTOR	OUTROS
<b>BIBLIOTECA</b>	3c/2x	0	0	1x	1x	
infantil 3a	0	1c	0	0	1c	
infantil 4a	0	1c	0	0	1c	
infantil 5a	1x	1c	0	0	0	
1º EP	0	1c	0	0	1c	Pantalla dixital c
2º EP	0	1c	0	0	1c	Pantalla dixital c
3º EP	0	1c	0	1x	1c	
4º EP	0	1c	0	1x	1c	
5º EP	0	1x	0	1x	1x	
6º EP	0	1x	0	1x	1x	
Orientación	0	1c	0	0	0	
Música	0	1c	0	1c	1c	
Inglés	0	1c	0	1c	1c	
<b>Stem</b>	3x/6c	7c 10 fenda dixital x	4c	0	0	Pantalla dixital c 1 Impre col c 2 robots c 2 mesas luz c
Relixión	0	1c	0	0	1c	
Apoio Infantil	0	0	0	0	0	
AL	1c	0	0	0	1c	

Aula Covid	4x/3c	0	0	0	0	1 Impre b/n x 1 Impre col c 1 escaner x
Sala Profesores	2x	0	0	0	0	
Secretaría	1x	0	0	0	0	
Dirección	0	1c	0	0	0	
Xef. estudos	0	1c	0	0	0	
PT	0	0	0	0	0	
Ximnasio	0	0	0	0	0	
Búnker	0	0	0	0	0	
Conserxería	0	0	0	0	0	
<b>TOTAL</b>						

Táboa 1: Equipamento por aulas e espazos

**Lenda Táboa 1:** X (enviados pola Xunta de Galicia) C (comprados polo centro)

**Verde: estado bo.**

**Amarelo: estado bo pero ten máis de 10 anos.**

**Vermello: obsoleto, desuso, non funciona...**

O centro tamén conta con **servizos dixitais educativos**: servizos corporativos e non corporativos que facilitan a xestión docente:

- Corporativos: páxina web do centro (Drupal), aula virtual (Moodle), Abalarmóbil
- Non corporativos: Contas Google dos mestres.

A **xestión do mantemento do equipamento** do centro é levada a cabo polo equipo directivo en colaboración co equipo TIC. O mantemento dos equipos facilitados pola administración corre a cargo a Unidade de Atención a Centros (UAC), mentres que o mantemento dos equipos mercados polo centro corre a cargo dun servizo externo contratado polo mesmo.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO:

Para elaborar a análise DAFO realizouse unha análise cuantitativa baseada nos resultados numéricos derivados do informe SELFIE.

Observando o resumo das áreas, os distintos sectores da comunidade escolar que realizaron o SELFIE obtiveron os resultados que se recollen na Táboa 2:



Areas	Grupos	Ensinanzas Infantil e Primaria
<b>A - Liderado</b>	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	3.6
	Alumnado	
<b>B- Colaboración e redes</b>	Equipo Directivo	3.5
	Profesorado	3.1
	Alumnado	3.5
<b>C- Infraestruturas e Equipos</b>	Equipo Directivo	3.3
	Profesorado	3.4
	Alumnado	3.8
<b>D- Desenvolvemento profesional continuo</b>	Equipo Directivo	4.3
	Profesorado	4.1
	Alumnado	
<b>E- Pedagogía: Apoyo e Recursos</b>	Equipo Directivo	4.2
	Profesorado	4.0
	Alumnado	
<b>F- Pedagogía: Implementación na aula</b>	Equipo Directivo	3.7
	Profesorado	3.4
	Alumnado	3.1
<b>G- Prácticas de avaliación</b>	Equipo Directivo	3.2
	Profesorado	2.8
	Alumnado	
<b>H- Competencias dixitais do alumnado</b>	Equipo Directivo	3.5
	Profesorado	3.4
	Alumnado	3.6

Táboa 2. Puntuación obtida por cada sector da comunidade escolar nas diversas áreas do SELFIE.

Nas táboas 3 a 6 recóllense os resultados do test CDD:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	<u>12</u>	<u>12</u>	<u>100%</u>
<b>PROVISIONAL</b>	<u>3</u>	<u>3</u>	<u>100%</u>
<b>INTERINO</b>	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
<b>SUBSTITUTO</b>	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
<b>OUTROS</b>	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>100%</u>

Táboa 3. Participación no Test CDD segundo o perfil do profesorado.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

Táboa 4. Datos do Test CDD sobre puntuación e nivel de competencia do centro

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>E.I.</b>	<u>92.3</u>	Integrador/a (B1)	<u>68.2</u>	Integrador/a (B1)
<b>E.P.</b>	<u>61.9</u>	Explorador/a (A2)	<u>77</u>	Integrador/a (B1)

Táboa 5. Datos do Test CDD sobre puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>Explorador/a A2</b>	<u>5</u>	<u>29.4%</u>
<b>Integrador/a B1</b>	<u>8</u>	<u>47.1%</u>
<b>Experto/a B2</b>	<u>3</u>	<u>17.6%</u>
<b>Líder C1</b>	<u>1</u>	<u>5.9%</u>
<b>TOTAL</b>	<u>17</u>	<u>100%</u>

Táboa 6. Datos do Test CDD sobre distribución do profesorado por niveis.

### 2.3. Análise DAFO:

A análise DAFO xerada a partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

Partiuse da media obtida en cada área, observando a desviación en cada ítem con respecto á puntuación de referencia. Clasificáronse os aspectos internos dos diferentes ítems como fortalezas ou debilidades, e os aspectos externos como oportunidades ou ameazas (táboas 7 e 8).

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURA S- EQUIPAMENTO	C10. Dispositivos para o alumnado	C1. Infraestrutura C15. Tecnoloxías asistenciais C16. Bibliotecas/repositorios en liña
	PERSOAL DOCENTE	D2. Participación na FPP D1. Necesidades de FPP D3. Intercambio de experiencias E1. Recursos educativos en liña E2. Creación de recursos dixitais E3. Uso de contornos virtuais de aprendizaxe B2. Debate sobre o uso da tecnoloxía E4. Comunicación coa comunidade educativa E5. Recursos educativos abertos F1. Adaptación ás necesidades do alumnado F4. Motivación do alumnado	A4. Tempo para explorar o ensino dixital B3. Colaboracións F5. Colaboración/cooperación do alumnado
	PERSOAL NON DOCENTE		

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
	<b>ALUMNADO</b>	C8. Dispositivos dixitais para a aprendizaxe H1. Comportamento seguro H3. Comportamento responsable	
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	A2. Desenvolvemento da estratexia co profesorado A3. Novas modalidades de ensino	G8. Documentación da aprendizaxe

Táboa 7. Aspectos internos: fortalezas e debilidades.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	C2. Dispositivos dixitais para o ensino	C3. Acceso a Internet C5. Asistencia técnica Protocolo COVID nas aulas
	<b>LEXISLACIÓN</b>	A5. Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso	C7. Protección de datos
	<b>CONTORNA</b>		C12. Fenda dixital: apoio para abordar retos Resposta dalgunhas familias Contexto demográfico
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		B4. Sinerxias para a aprendizaxe híbrida

Táboa 8. Aspectos externos: oportunidades e ameazas.

### 3. Plan de Acción:

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas en cada curso escolar, o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles no momento de elaboración do presente Plan Dixital.

O Plan de Acción que se expón a continuación supón unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles na actualidade, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións:

A partires dos resultados do análise DAFO, o equipo de Dinamización do Plan Dixital deu prioridade ás necesidades detectadas nas diversas áreas do Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (en diante DigCompOrg) e diagnosticou os diversos ítems a mellorar, situándoos por orde de prelación do seguinte xeito:

	ÍTEMS	ÁREAS
	C16. Bibliotecas/repositorios en liña.	C. INFRAESTRUCTURA E EQUIPAMENTO.
	F6. Proxectos interdisciplinarios.	F. PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA
	F1. Adaptación ás necesidades do alumnado	

Táboa 9. Orde de prelación de áreas e ítems do informe SELFIE.

A partir desta reflexión redactáronse os seguintes **obxectivos** específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal (en adiante obxectivos SMART) prioritarios:

1. Elaborar repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino e aprendizaxe dentro da nosa Aula Virtual.
2. Fomentar a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios utilizando tecnoloxías dixitais.

- Adaptar contidos dixitais para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para acadar unha mellora no seu proceso de ensino-aprendizaxe.

Nas táboas 11, 12 e 13 (páxinas 18 a 23) aparecen temporizadas as accións para acadar cada obxectivo, os valores de partida e o valor previsto a acadar no tempo marcado. Ademais tamén se especifican os responsables das mesmas e a previsión de recursos necesarios.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas:

A continuación, na Táboa 10, especifícanse as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas necesarias para o logro e consecución dos obxectivos marcados polo centro no Plan Dixital.

Para a clasificación tomáronse como referencia as indicacións establecidas no documento proporcionado por Servizos Centrais a través do taboleiro de anuncios da Aula Virtual do equipo ADIX Vigo 1, coas recomendacións de AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas			
ORIXE	DOTACIÓN	NECESIDADE	FINALIDADE
<b>INFRAESTRUTURA DIXITAL</b>			
Infraestrutura de datos	Problemas frecuentes de velocidade e estabilidade das conexións wifi e cableada.	Mellora e mantemento da redes wifi e cableada. Mantemento dos dispositivos dixitais de acceso á rede.	Calidade na velocidade e estabilidade das conexións de datos do centro.
<b>EQUIPAMENTO</b>			
Aula Stem	Contamos cunha aula Stem con 9 ordenadores de	Recursos dixitalizados variados:	Actualizar e renovar os recursos para

	sobremesa e 7 portátiles. Os de sobremesa habería que substituílos porque non contan con tarxeta wifi (mal estado). Non chegan para traballar cun ordenador por alumno	◆15 ordenadores	poder acadar os obxectivos que nos propoñemos no Plan Dixital.
Biblioteca	Contamos con: <ul style="list-style-type: none"> <li>●4 PCs moi obsoletos para o alumnado</li> <li>●1 PC para o rexistro de libros e catalogación da biblioteca en bo estado.</li> <li>●1 PC para a PDI en mal estado</li> </ul>	◆3 portátiles ◆1 PC para a PDI	Dinamizar o traballo na biblioteca facilitando o acceso á información dos usuarios en mellores condicións, prestando deste xeito un mellor servizo ao alumnado.
	Temos 4 tabletas	◆10 tabletas	Poder utilizalas na creación de contidos multimedia, apps educativas Android, e plataformas educativas. Poden transportarse para distintas aulas (Aula Steam, aula de informática...) e poden ser

			utilizadas en diferentes contextos.
Equipamento para o traballo docente	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Temos un portátil en cada aula de Infantil e Primaria para uso do profesorado nas clases, en total 9 (3 en mal estado)</li> <li>• 4 PDI, dúas delas non funcionan.</li> <li>• Canóns en tódalas aulas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ 3 portátiles</li> <li>◆ 7 pantallas táctiles interactivas.</li> </ul>	Hai clases que non dispoñen de PDI
Equipamento para as aulas das especialidades (Inglés, música e relixión)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 3 portátiles para uso do profesorado nas clases, 1 deles en mal estado.</li> <li>• 2 PDI</li> <li>• 3 canóns</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ 1 portátil para substituír</li> <li>◆ 1 PDI</li> </ul>	Dinamizar o traballo nas aulas especialistas.
Orientación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 Portátil en mal estado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ 1 portátil para substituír</li> </ul>	Facilitar o traballo, facer informes...
Equipo Directivo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 PC na Secretaría en mal estado</li> <li>• 2 portátiles na Dirección e Xefatura, un deles en mal estado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>◆ 1 PC Secretaría</li> <li>◆ 1 Portátil para substituír o de Dirección</li> </ul>	Facilitar o traballo administrativo, sobre todo o da secretaria. Na UAC recomendan a súa substitución.
PT/Ximnasio	Non ten ningunha	◆ 2 Portátiles	Para traballo



	dotación		persoal da mestra da especialidade
Sala de Mestres	●2 PCs en mal estado	◆2 PCs	Traballo persoal e impresión de material para as clases.
Conserxería	Non ten ningunha dotación	◆1 Portátil	Levar o control de material, recibir o correo corporativo e organización de traballo.
Aula Covid e material	●7 ordenadores totalmente obsoletos. ●2 impresoras (cor e b/n). A de cor non funciona	◆5 portátiles ◆1 impresora a cor	É unha zona de traballo para o profesorado, preparan as clases, imprimen en cor...
<b>SERVICIOS DIXITAIS EDUCATIVOS</b>			
Corporativos	Plataforma de almacenamento de datos de xeito efectivo.	Recuperación da conta Agueiro	Dar visibilidade á esta plataforma onde se pode almacenar contidos dixitais
Non corporativos	Plataformas de traballo colaborativo.	Traballo na creación de contidos dixitais: Canva, Genially, Liveworksheets...	Crear contidos dixitais interactivos

Táboa 10. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## Plan de Acción

"Área/s de mellora": Infraestrutura e equipos (C16)						
<b>1. OBXECTIVO:</b>	Elaborar repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensino e aprendizaxe dentro da nosa Aula Virtual.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinador Plan Dixital				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de recursos en liña					
<b>Valor de partida</b>	0. Inexistencia de biblioteca de recursos en liña no noso centro.					
<b>Valor previsto e data</b>	10. Mínimo 16 recursos/anuais.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Creación dun espazo na Aula Virtual do centro para a elaboración destes repositorios.	Administradora da Aula Virtual	21/12/2022	Aula Virtual Ordenadores Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.2: Participación de todo o profesorado na incorporación de recursos.	Claustro do centro	30/06/2023	Aula Virtual Ordenadores Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

AO1.3: Revisión do estado dos repositorios comprobando que todo o profesorado incorporou, alomenos, un recurso ao repositorio.	Equipo Dinamización do Plan Dixital	30/06/2023	Aula Virtual Ordenadores Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO1.4: Implementación na aula dos repositorios.	Titores e especialistas	30/06/2023	Aula Virtual Ordenadores Conexión a internet		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

Táboa 11. Obxectivo 1

"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula (F6)						
<b>2. OBXECTIVO:</b>	Fomentar a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios utilizando tecnoloxías dixitais.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Persoa coordinadora da Biblioteca escolar				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de aulas participantes nos proxectos interdisciplinares anuais.					
<b>Valor de partida</b>	0 aulas participan nos proxectos interdisciplinares anuais.					
<b>Valor previsto e data</b>	9 aulas participan nos proxectos interdisciplinares anuais.			30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1:Acordo dos proxectos interdisciplinarios e accións a desenvolver.	Persoa coordinadora do Equipo de Biblioteca/Coordinadora EDLG	15/09/2022	Aplicación web para chuvia de ideas e equipos informáticos		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
AO2.2:Difusión das actividades do proxecto na Páxina Web.	Persoa responsable na páxina web.	30/06/2023	Equipos informáticos. Web do Centro		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

AO2.3: Utilización de tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información.	Persoas titoras de aula.	30/06/2023	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Obtención de produtos finais TIC en cada proxecto.	Persoas titoras de aula.	30/06/2023	Equipos informáticos e audiovisuais. Software de edición multimedia.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 12. Obxectivo 2

"Área/s de mellora": Pedagogía: Implementación na aula (F1)						
<b>3. OBXECTIVO:</b>	Adaptar contidos dixitais para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativos para acadar unha mellora no seu proceso de ensino-aprendizaxe.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamento de orientación.				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Nº de contidos dixitais adaptados.					
<b>Valor de partida</b>	0 contidos dixitais adaptados.					
<b>Valor previsto e data</b>	10 contidos/materia como mínimo adaptados por trimestre.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Reunión do departamento de orientación para a selección das competencias nas que se fará a adaptación.	Departamento de orientación Titoras	15/09/2022	Aportacións de ideas dos asistentes. Acta reunión. Curso Aula virtual.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

AO3.2: Reunión do departamento de orientación co equipo docente para a selección de contidos a adaptar e publicación destes na aula virtual.	Equipo directivo Departamento de orientación Titoras Administradora aula virtual.	30/09/2022	Competencias seleccionadas na reunión anterior. Programacións das materias Acta reunión. Curso Aula virtual.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO3.3: Modificación dos contidos seleccionados.	Departamento de orientación Titoras Especialistas	30/10/2022	Ferramentas dixitais específicas para alumnado NEAE.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO3.4: Formación en ferramentas dixitais específicas.	Departamento de orientación Titoras Especialistas	30/06/2023	Ferramentas dixitais específicas para alumnado NEAE. Asesoramento CFR.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO3.5: Implementación na aula das estratexias dixitais acadadas na formación e contidos elaborados con esas ferramentas.	Departamento de orientación Titoras Especialistas	30/06/2023	Ferramentas dixitais específicas para alumnado NEAE. Contidos elaborados ou modificados.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Táboa 13. Obxectivo 3

#### 4. Avaliación do Plan Dixital:

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do Plan Dixital e da consecución dos obxectivos levarase a cabo tendo como referente os valores previstos para os indicadores dos obxectivos establecidos.

Avaliarase tanto o proceso como a consecución do obxectivo ao final do propio proceso. Polo tanto estableceranse **dous tipos de avaliación:**

- **Avaliación procesual:** realizarase ao final de cada trimestre e incluírá o estado da execución das accións, a análise e a valoración dos resultados. De ser o caso, tamén as posibles modificacións das accións (cos seus motivos) e as propostas de mellora.
- **Avaliación final:** realizarase ao final do curso e incluírá a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Con esta finalidade achéganse as seguintes táboas:

Avaliación procesual					
Accións	Levouse a cabo con éxito.	Levouse a cabo con éxito modificando a planificación	Levouse a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
<b>1º trimestre</b>					
<b>A01.1:</b> Creación dun espazo na Aula Virtual do centro para a elaboración destes repositorios					
<b>A02.1:</b> Acordo dos proxectos interdisciplinarios e accións a desenvolver					



Avaliación procesual					
Accións	Levouse a cabo con éxito.	Levouse a cabo con éxito modificando a planificación	Levouse a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
<b>A03.1:</b> Xuntanza do Departamento de Orientación para a selección das competencias nas que se fará a adaptación.					
<b>A03.2 e A01.2:</b> Reunión do departamento de orientación co equipo docente para a selección de contidos a adaptar e publicación destes na aula virtual.					
<b>A03.3:</b> Modificación dos contidos seleccionados					
<b>2º trimestre</b>					
<b>3º trimestre</b>					
<b>A01.2:</b> Participación de todo o profesorado na incorporación de recursos.					
<b>A01.3:</b> Revisión do estado dos repositorios, comprobando que todo o profesorado incorporou polo menos un recurso ao repositorio.					

Avaliación procesual					
Accións	Levou a cabo con éxito.	Levou a cabo con éxito modificando a planificación	Levou a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
<b>A01.4:</b> Implementación na aula dos repositorios					
<b>A02.2:</b> Difusión das actividades do proxecto na Páxina Web.					
<b>A02.3:</b> Utilización de tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información					
<b>A02.4:</b> Obtención de produtos finais TIC en cada proxecto.					
<b>A03.4:</b> Formación en ferramentas dixitais específicas.					
<b>A03.5:</b> Implementación na aula das estratexias dixitais acadadas na formación e contidos elaborados con esas ferramentas					

Táboa14. Avaliación procesual

Avaliación final				
Valor previsto	Realizada	Aprazada	Pendente	Observacións
Elaboráronse un mínimo de 16 recursos anuais de ensino e aprendizaxe para os repositorios ou bibliotecas en liña incorporados á aula virtual?				
As 9 aulas participan nos proxectos interdisciplinarios anuais empregando ferramentas dixitais?				
Adaptáronse para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio un mínimo de 10 contidos dixitais/aula por trimestre .				

Táboa 15. Avaliación final

## 5. Difusión do Plan Dixital:

PROTOCOLOS OU ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL			
Acción	Destinatarios	Canle	Responsable
Difusión do Plan ao Claustro	Claustro de profesorado	En CCP e na comisión de Coordinación TIC a través dunha presentación e unha	Equipo de Dinamización do Plan Dixital

		reunión posterior	
Difusión á Comunidade Educativa	Comunidade Educativa	Inclusión do Plan Dixital no PEC para a difusión do mesmo na web do centro. Envío de mensaxe por Abalar informando do mesmo e con enlace á súa localización.	Equipo directivo

Táboa 16. Difusión do Plan Dixital